



Preocupante descenso no colectivo cazador.-

## **PARTICIPACIÓN, CLARIDADE E CONSENSO MARCARON A CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA FEDERATIVA DE PONTEVEDRA**

Cunha extensa orde do día -sete puntos- e moita participación –arredor de 70 assembleístas-, o Salón de Actos da Escola de Canteiros de Pontevedra acolleu o pasado día 7 de outubro, a asemblea xeral ordinaria da Federación Galega de Caza en Pontevedra, que se celebrou entre as 18,30 e as 22 horas. Sesión que estivo presidida polo seu titular, Javier Nogueira Diz, á que asistía tamén como invitado o novo Presidente da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón.

Aprobáronse tódolos puntos da orde do día por unanimidade, amosándose os representantes sociais máis unidos ca nunca. No apartado económico, salienta-la boa saúde da que disfruta a Federación.

No decurso da asemblea tamén se falou amplo e tendido da reforma da Lei de Tráfico, no que respecta á responsabilidade por accidentes producidos por especies cinxéticas. Neste senso, os representantes federativos informaban que está a punto de ser reformado polo Parlamento o artigo 23 da Lei de Caza de Galicia para así adaptalo a esta circunstancia. Nembargantes, segundo apuntaba o Presidente Provincial, *“elo non quere dicir que os tecores queden libres de responsabilidade cando haxa un accidente de circulación, pois esa culpabilidade quedará a criterio do xuíz”*.

Outro dos temas que ocupou boa parte da asemblea era a renovación dos plans quinquenais, con moitas intervencións por parte dos assembleístas presentes, solicitando da Administración que *“non sexa tan meticulosa”*. Os responsables da Federación comprometéronse a realiza-las correspondentes xestións para tratar de compatibiliza-la correcta redaccións dos Plans con evitar multitude de trámites ás sociedades.

Como aspecto negativo, salienta-lo preocupante descenso de cazadores rexistrado nos últimos anos, de 22013 licenzas de caza que se emitiron na provincia en 1997 baixouse a 15584 expedidas no ano 2005. ¡Preocupante!. Así as cousas, haberá que dálle-la razón ao Presidente da Sociedade de Bueu cando dixo que *“os cazadores somos unha especie a extinguir”*.

No aspecto positivo, non podemos esquecernos de facer referencia a dúas novas incorporacións femininas no eido asembleario, ao tomar parte nesta sesión Yolanda Rodríguez, Presidenta da Sociedade de Cangas, e Mari Carmen Iglesias, Secretaria da Sociedade Gondomarense. Sen dúbida a incorporación da muller a este deporte maioritariamente masculino resultará positiva. Benvidas.

Gabinete de Comunicación  
Federación Galega de Caza  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)